

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE SETEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se determina a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto itinerario peonil e ciclista na AC-543. Treito: Roxos - Aldea Nova. p.q. 4 + 150 - 5 + 040 de clave: AC/16/086.06, nos concellos de Santiago de Compostela e Ames.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2018.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Dourado, Prateado e Policromía.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ebanistaría Artística.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Escultura Aplicada ao Espectáculo.

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense para levar a cabo as obras en instalacións e espazos deportivos en distintos concellos da provincia de Ourense cun investimento de un millón vinte e sete mil seiscientos cincuenta e oito euros con cincuenta e sete céntimos (1.027.658,57€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Centro Galego de Barcelona para rehabilitación de espazos e posta en funcionamento dun punto informativo, por importe de trescentos corenta e sete mil setecentos sesenta e seis euros con cincuenta e un céntimos (347.766,51€).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo de desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades para a implantación da Administración xudicial electrónica na administración de xustiza en Galicia, cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un valor estimado de catro millóns novecentos corenta e dous mil novecentos oitenta euros (4.942.980,00 €)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución de actuacións de "Mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración en Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo

Feder Galicia 2014-2020, por un importe de catorce millóns trescentos vinte e cinco mil trescentos seis euros (14.325.306,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución da actuación de "Saneamento na Malata. Concello de Ferrol (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de sete millóns cento quince mil euros (7.115.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito de Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao programa operativo de emprego xuvenil. Importe total: cincocentos cincuenta e tres mil setenta e tres euros (553.073 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Sapienza Università di Roma (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a vixilancia entomolóxica en Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o balance provisional do avance do turismo de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.
- Informe sobre as axudas do Igape a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Reforma 17).
- Informe sobre a convocatoria das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabia, e ás explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe de execución das actuacións en infraestruturas educativas no curso 2017/18.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a liña de axudas para investimentos na mellora das infraestruturas e no equipamento dos centros de protección de menores xestionados por entidades de iniciativa social

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA NOVA OFICINA XUDICIAL PARA ACADAR UNHA XUSTIZA MÁIS ÁXIL, EFICIENTE E AXUSTADA ÁS NECESIDADES ACTUAIS

- ***Organízase arredor de dous tipos de unidades: as unidades procesuais de apoio directo e os servizos comúns procesuais***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se regula a estrutura e organización da Oficina Xudicial en Galicia, que ten como obxectivo principal dar resposta á necesidade de dotar a Administración de xustiza duns métodos máis eficientes e dunha organización máis áxil, transparente e axustada ás necesidades actuais.

O presente decreto fixa a estrutura e organización xeral da oficina xudicial e deberá ser completado polas correspondentes ordes de desenvolvemento, que aprobarán a creación dos distintos servizos comúns procesuais en cada partido xudicial e que serán as que concreten a súa estrutura específica, organización xeral e data de entrada en funcionamento. A dotación do persoal, o desenvolvemento do proceso de ordenación deste e a súa integración na nova organización realizaranse a través das relacións de postos de traballo.

A nova oficina xudicial organízase arredor de dous tipos de unidades: as unidades procesuais de apoio directo e os servizos comúns procesuais. As unidades procesuais de apoio directo asisten directamente a xuíces e maxistrados, e os servizos comúns procesuais asumen funcións centralizadas de xestión e apoio en actuacións derivadas da aplicación das leis procesuais, e poden estar estruturados en seccións, e estas, se o servizo o require, en equipos. Así, mediante este decreto aprobarase a creación dos distintos servizos comúns procesuais en cada partido xudicial e que serán os que concreten a súa estrutura específica, organización xeral e data de entrada en funcionamento.

Desenvolvemento gradual e progresivo

A implantación do novo modelo de oficina xudicial é un proceso complexo, tanto polo cambio que supón na organización e métodos de traballo como no cambio de mentalidade de todos os operadores implicados. É por iso que esta implantación vai requirir do apoio e colaboración do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dos funcionarios e organizacións sindicais e tamén dos restantes operadores xurídicos.

As características dos distintos tipos de unidades previstos na Lei orgánica do poder xudicial para a nova Oficina Xudicial, a experiencia das implantacións noutros territorios, a xa sinalada complexidade do cambio e a análise dos datos

das recentes implantacións telemáticas fan necesario que o desenvolvemento do proxecto Nova Oficina Xudicial sexa dunha forma gradual e progresiva.

Neste marco, o proxecto de implantación da Nova Oficina Xudicial en Galicia iníciase cun proxecto piloto na cidade de Ourense, pois o tamaño deste partido xudicial, a existencia dun novo edificio xudicial adecuado á nova organización e outros condicionantes favorables aconsellan o inicio do proxecto nesta cidade para, posteriormente, seguir estendéndose ao resto de partidos xudiciais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO EXPROPIATORIO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA AC-543, NO TREITO ENTRE ROXOS E ALDEA NOVA

- *Este itinerario de uso mixto construírse na marxe da estrada AC-543 e suporá un investimento por parte do Goberno galego de máis de 340.000 euros*
- *A Xunta avanza desta forma no proxecto destinado a facilitar o desprazamento a pé ou en bicicleta entre Santiago e Brión*
- *Esta actuación está enmarcada na primeira fase do Plan de sendas de Galicia, que para a comarca de Santiago prevé a execución de 15 quilómetros de itinerarios, cun orzamento de case 3,7 millóns de euros*


O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada AC-543, no treito entre Roxos e Aldea Nova, nos Concellos de Ames e Santiago de Compostela.

Estas obras, enmarcadas no Plan de sendas de Galicia, na comarca de Santiago, que impulsa a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, serán cofinanciadas polo programa operativo Feder Galicia 2014-2020. O orzamento estimado para esta actuación ascende a máis de 341.000 euros.

Este proxecto ten por obxecto fomentar a mobilidade alternativa e acadar unha diminución do tráfico rodado motorizado que actualmente existe entre os lugares de Roxos e Aldea Nova, de xeito que a poboación destes núcleos empregue a senda peonil para os seus desprazamentos cotiás en lugar do vehículo particular.

A senda que se vai executar será mixta, de uso peonil e ciclista, e conectará os lugares de Roxos e Aldea Nova, nos cales xa se conta con beirarrúas, configurando un itinerario continuo ao longo dos primeiros quilómetros da estrada AC-543. Esta senda terá un largo variable, en función do espazo dispoñible, e irá separada da calzada por unha zona verde e un bordo de formigón.

As obras previstas comprenden outras actuacións necesarias para garantir a funcionalidade da senda executada. Así, ampliarase a sección transversal para albergar os elementos que pasarán a formar parte da nova plataforma, de xeito que será preciso realizar pequenos desmontes para obter o largo óptimo para a senda. Tamén se levarán a cabo accións de mellora da drenaxe, sinalización, balizamento e defensas, así como a reposición de servizos.



O Plan de sendas de Galicia prevé a execución na comarca de Santiago dun total de 15 quilómetros de itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe a través dun investimento de 3,7 millóns de euros.

En concreto, a execución desta senda entre Roxos e Aldea Nova, forma parte dunha actuación máis ampla que ten por obxecto facilitar o desprazamento andando ou en bicicleta entre os concellos de Santiago e Brión a través da estrada AC-543.

Con ese fin está xa a piques de finalizarse a obra do itinerario entre Vidán e Laraño, no concello de Santiago, mentres que o vindeiro mes de outubro está previsto iniciar a

construción do treito entre a Urbanización Monte-Devesa e Aldea Buiro, unindo os concellos de Ames e Brión. Ademais, estase a ultimar o proxecto entre a A Barcia e Roxos, que xa superou a fase de información pública e se licitará nos vindeiros meses.

Xunto con isto, o Plan de sendas de Galicia inclúe outras actuacións no Concello de Santiago, como a xa executada na estrada AC-240 no concello de Touro; a que se prevé iniciar o vindeiro mes entre A Susana, o polígono industrial e A Eirexe, en Boqueixón; e a que transcorrerá polo núcleo de Pontevea, en Teo, dando servizo ao consultorio de Pontevea, que xa está en fase de contratación.

A XUNTA APROBA O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2018 QUE INCLÚE COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 25 DE XULLO

- *A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e 2 elixidos polos concellos*
- *Cando os festivos nacionais obrigatorios coinciden en domingo cada comunidade pode substituílo por outro día de interese*
- *En 2018 non se produce esta circunstancia, polo que a lexislación vixente permite establecer un festivo autonómico recuperable, aprobándose o 17 de maio, Día das Letras Galegas, pola súa gran tradición e importancia para a cultura galega*
- *Cada empresa acorda a forma de recuperar o día, tal e como se determina no Estatuto dos traballadores*
- *O 25 de xullo sempre é escollido entre os festivos estatais que teñen carácter opcional, por ser o Día Nacional de Galicia*

A Xunta aproba o calendario laboral para 2018 que incluírá como festivos propios os días 17 de maio, Día das Letras Galegas, xoves; e o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia, mércores, segundo o informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta. A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio.

Destes 14 festivos, 2 son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan co domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (30 de marzo en 2018), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro.

No ano 2018 non hai ningún festivo nacional que coincida en domingo. Para estes casos, a normativa vixente estipula que as comunidades poderán fixar un único festivo autonómico que será recuperable, de acordo coa posibilidade establecida polo artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores. É dicir, engádese unha festa máis con carácter recuperable, o que significa que cada empresa acorda a forma de recuperar este día.

O Goberno galego aproba que sexa o 17 de maio, Día das Letras Galegas, pola súa gran tradición e importancia para a cultura galega. Esta festa foi instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para conmemorar o libro de Rosalía de Castro *Cantares Galegos*. Trátase de poder seguir conmemorando unha festa que forma parte da tradición, historia e cultura de Galicia. Esta data sempre foi festiva na comunidade galega desde 1991. A elección deste día como festivo recuperable é unha opción que xa se utilizou nos anos 2000, 2001 e 2007.

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro e o Xoves Santo (o 29 de marzo en 2018), que

Galicia non cambia tradicionalmente, e dásele a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo, que na nosa comunidade sempre se fixa o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia.

Calendario laboral de Galicia para 2018

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Luns
Día de Reis	6 de xaneiro	Sábado
Xoves Santo	29 de marzo	Xoves
Venres Santo	30 de marzo	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Martes
Día das Letras Galegas	17 de maio	Xoves
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Mércores
A Asunción	15 de agosto	Mércores
Día da Hispanidade	12 de outubro	Venres
Todos os Santos	1 de novembro	Xoves
Día da Constitución	6 de decembro	Xoves
A Inmaculada	8 de decembro	Sábado
Nadal	25 de decembro	Martes

Festa de carácter nacional non substituíble, a non ser que coincidan con domingo (9 días obrigatorios).

Festa de carácter nacional sobre a que a Comunidade Autónoma non exerce a facultade de substitución (3 días que se poden substituír).

Festa propia da Comunidade Autónoma (festivo recuperable).

A XUNTA APROBA OS CURRÍCULOS DE CATRO CICLOS DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS DE GRAO SUPERIOR

- *O Consello deu hoxe luz verde aos de Técnicas Escultóricas, Ebanistaría Artística, Escultura aplicada ao Espectáculo e Dourado, Prateado e Policromía*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará nos vindeiros días os currículos dos ciclos correspondentes ao catro títulos de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas escultóricas, en Ebanistaría Artística, en Escultura Aplicada ao Espectáculo e en Dourado, Prateado e Policromía.

Todos os títulos teñen unha duración de 2000 horas e correspóndense co nivel 1 do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES), segundo o establecido polo Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, é dicir, co grao de técnico superior.

Técnicas Escultóricas

As persoas que obteñan a titulación en Técnicas Escultóricas estarán capacitadas para definir as características dun proxecto ou dun encargo para a realización de obra escultórica de carácter aplicado e ornamental, realizar os planos, bosquexos, maquetas... necesarios e planificar o proceso de elaboración, seleccionando os materiais, ferramentas e maquinaria e estimando consumos e volumes precisos para a realización da peza. Así mesmo, poderán realizar os controis de calidade correspondentes a cada momento do proceso de elaboración co fin de garantir a calidade técnica e artística das pezas e efectuar a montaxe destas. Asemade, o técnico superior coñecerá as principais técnicas de escultura en madeira, pedra, moldeado, fundición artística e aplicación de pátinas e recubrimentos protectores necesarios para un bo acabado.

Deste xeito, poderán ocupar os postos de traballo de encargado de taller de produción artística de elementos ornamentais, decorativos e escultóricos; realizador e proxectista de obra de elementos escultóricos destinados a funcións ornamentais e decorativas ou realizador de obra de elementos escultóricos destinados á recuperación de patrimonio.

Ebanistaría Artística

As competencias profesionais deste título de Ebanistería artística son as dirixidas a definir as características dun proxecto ou encargo para a realización de mobiliario de ebanistaría artística, cos seus correspondentes bosquexos e maquetas, planificación do traballo, selección de materiais e ferramentas, controis de calidade, técnicas ... Así mesmo, as persoas que o obteñen han de ser quen de avaliar danos e definir propostas de actuación para a restauración de mobiliario de ebanistaría artística baixo a dirección dun conservador restaurador.

Por outra parte, os técnicos superiores coñecerán os diferentes sistemas de construtivos da ebanistería artística, os sistemas de talla artística, de chapado e marquetaría e poderán realizar labores de repaso e acabado de superficies de mobles e outros produtos, recubrimentos protectores e procedementos básicos de conservación e restauración de mobiliario de ebanistería artística.

Polo tanto, poderán desenvolver as ocupacións de encargado de taller de ebanistería artística, ebanista ou a asistencia técnica en restauración de mobiliario artístico.

Escultura Aplicada ao Espectáculo

As súas competencias profesionais desta titulación de Escultura Aplicada ao Espectáculo recollen a definición das características dun proxecto ou encargo para a elaboración de elementos ou ambientacións escultóricas de uso en todo tipo de espectáculo, cos correspondentes planos e maquetas e planificando todo o proceso no referido ao uso de materiais, ferramentas, maquinaria ou controis de calidade. Así mesmo, os titulados deberán coñecer as diferentes técnicas escultóricas de modelado, talla e construción e experimentar as súas distintas posibilidades e aplicacións no campo desta especialidade.

A persoa que obtén o título será un profesional cualificado para desenvolver postos de traballo como o de encargado de taller de realización de elementos ornamentais, decorativos e escultóricos en material diverso de uso relacionado co mundo do espectáculo e proxectista ou realizador de obras de ambientación escenográfica, ornamentais, decorativas ou escultóricas, en diferentes materiais, para uso en calquera tipo de espectáculo. Ademais, poderán ser creadores ou realizadores de obras de ambientación escenográfica, ornamentais, decorativas ou escultóricas, en diferentes materiais, para uso en calquera tipo de espectáculo; de obxectos ornamentais e funcionais que precisen procesos escultóricos para eventos, reclamos publicitarios, indicadores, tipografía, recreación de áreas de descanso, xardíns, parques, centros comerciais e demais espazos públicos; ou de máscaras, monicreques e marionetas, elementos propios de teatro e festexos populares. Asemade, poderán desenvolver as ocupacións de responsable de realización de utensilios para espectáculos en vivo e de encargado de utensilios de escena.

Dourado, Prateado e Policromía

As súas competencias profesionais do título de Dourado, Prateado e Policromía son as referidas á definición das características dun proxecto ou encargo para a realización de obra dourada e polícroma, cos correspondentes bosquexos, planificación do proceso, controis de calidade, selección de materiais e ferramentas. Así mesmo, os titulados poderán avaliar danos e definir propostas de actuación para a restauración do dourado e da policromía da obra escultórica baixo a dirección do conservador restaurador.

Por outra parte, quen obteña este título deberá coñecer os diferentes sistemas decorativos con xesos, as principais técnicas de dourado e prateado, as distintas posibilidades das policromías decorativas ornamentais, encarnaduras, coreados, estofados, pátinas de imitación e avellentamentos entre outras; así como aplicar técnicas de dourado, prateado e policromía e de conservación e restauración desta.

Desta forma, poderán desempeñar as ocupacións de encargado de taller de dourado, prateado e policromía; dourador, prateador e policromador de obras artísticas; decorador de obras artísticas de dourado e policromía; ou desenvolver a asistencia técnica en restauración de dourado, prateado e policromía.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO POLO QUE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A DEPUTACIÓN DE OURENSE LEVARÁN A CABO AS OBRAS DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA PROVINCIA

- ***O importe total das actuacións a realizar ascende á cantidade de 1.027.658,57 euros, dos cales a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará 500.000 euros (400.000 na anualidade de 2017 e 100.000 na de 2018) e a Deputación Provincial de Ourense achegará 527.658,57 euros na anualidade de 2018***

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense polo que se levarán a cabo as obras de construción e reforma das instalacións deportivas de diversos concellos da provincia e que se enmarcan no exercicio 2017-2018.

Segundo o convenio, o importe total das actuacións a realizar ascende á cantidade de 1.027.658,57 euros, dos que a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará 500.000 euros (400.000 na anualidade de 2017 e 100.000 na de 2018) e a Deputación Provincial de Ourense achegará 527.658,57 euros na anualidade de 2018.

Deste xeito, as obras que se vai realizar no marco deste convenio serán a pista polideportiva en Vilanova (137.000 euros) e a pista de pádel (40.000 euros) do Barco de Valdeorras; o campo de fútbol de Cortegada (250.000 euros); as reparacións varias na instalación municipal de Melón (20.000 euros); a instalación de fútbol praia e volei praia na praia fluvial dos Franceses da Veiga (100.000 euros); a construción dunha instalación deportiva en Castrelo de Val (37.000 euros); as melloras de accesibilidade no campo de fútbol da Bola (50.000 euros); o acondicionamento no campo de fútbol e edificacións anexas de Cenlle (32.987,02 euros); os arranxos en instalacións deportivas por desperfectos do temporal en Muíños (60.000 euros); a pista polideportiva da Pobra de Trives (24.000 euros); a pista de competición de Castrelo de Miño (21.671,55 euros); a reparación de patoloxías do campo de fútbol de Celanova (35.000 euros); e o campo de fútbol de Pereiro do Aguiar (220.000 euros).

O convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación de Ourense artéllase segundo o artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

Ademais, a Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece a competencia xenérica dos concellos en, entre outros ámbitos, os das actividades e instalacións deportivas sinalando, a mesma norma, que é competencia propia da

Deputación Provincial, entre outras, “coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia”.

Deste xeito, Xunta e Deputación asinan este convenio de colaboración tendo en conta a ineludible necesidade de continuar traballando para a mellora da práctica deportiva na provincia de Ourense e satisfacendo a demanda social existente. O convenio aprobado polo Consello da Xunta na mañá de hoxe continúa coa exitosa liña de actuación marcada polo I, II, III e IV Convenio de Cooperación asinados entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais sobre instalacións deportivas subscritos, respectivamente para os períodos 1992-1994, 1994-1997, 1997-2001 e 2004-2006.

TURISMO DE GALICIA IMPULSA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PUNTO INFORMATIVO NO CENTRO GALEGO DE BARCELONA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun convenio para acondicionar espazos con fins promocionais nestas dependencias*
- *Turismo de Galicia achegará máis de 340.000€ ata o ano 2019 para estes traballos que impulsarán a promoción de Galicia neste destino e porán en valor un punto de encontro clave da comunidade galega*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Centro Galego de Barcelona en virtude do cal se acondicionarán espazos desta sede e se porá en funcionamento un punto informativo do destino Galicia.

Ao abeiro deste acordo, Turismo de Galicia achegará máis de 340.000€ ata o ano 2019 para financiar os custos destas obras, que se realizarán en diferentes zonas da sede desta asociación, situada no piso do Conde Güell en Barcelona, un edificio emblemático localizado no centro da cidade.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia pon en valor unha infraestrutura que é xa un importante punto de encontro para a comunidade galega en Cataluña e desde onde se fomenta o coñecemento de Galicia, da súa xente, cultura, lingua, gastronomía e turismo. O Centro Galego de Barcelona, fundado en 1892, que conta cunha importante raizame histórica.

Promoción de Galicia

O acondicionamento destes espazos suporá, tamén, incluír novos servizos a esta sede, coa instalación dun punto informativo do destino Galicia, para incrementar e mellorar a promoción turística da comunidade galega en Cataluña.

Un mercado, o catalán, que nos primeiros meses deste ano se situou como o quinto mercado nacional por orde de importancia, supoñendo unha cota de preto do 6 %, con preto de 100.000 viaxeiros aloxados e máis de 188.000 pernoitas.

Este convenio enmárcase no traballo da Administración autonómica por impulsar a promoción turística galega nos mercados nacionais e internacionais, un traballo incluído na Estratexia do turismo de Galicia 2020. Trátase da folla de ruta do turismo galego elaborada co sector coa que se está a acompañar o crecemento sustentable do número de viaxeiros da man da calidade, coa intención de consolidar Galicia como un destino tranquilo cunha oferta especializada e diversificada.

A XUNTA AVANZA NA DIXITALIZACIÓN DA XUSTIZA AMPLIANDO AS FUNCIONALIDADES DAS APLICACIÓNS E SISTEMAS DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO

- *Melloraranse as ferramentas que permiten a xuíces e fiscais o traballo en mobilidade*
- *Facilitarase a descarga das vistas e da documentación en formato electrónico dos expedientes desde a sede xudicial electrónica*
- *Este melloras súmanse á renovación de todo o equipamento dos profesionais da xustiza, a extensión da rede de videoconferencias a todos os partidos xudiciais e da sinatura dixital a 13 órganos*

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe un investimento 4,9 millóns de euros ata 2019 para consolidar o modelo de expediente xudicial electrónico que permite o traballo en mobilidade de xuíces e fiscais. A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), licitará un contrato que permitirá ampliar as funcionalidades das principais aplicacións e sistemas que Galicia ten en marcha para a avanzar na dixitalización da Xustiza, grazas ao Plan Senda 2020.

O visor do expediente xudicial, que permite a xuíces de fiscais acceder aos expedientes desde calquera dispositivo en formatos electrónicos, disporá dun potente buscador, que facilitará o labor dos profesionais, e de novas funcionalidades como a unha axenda profesional persoal ou o módulo de alarmas para o apoio á actividade do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Ademais, habilitarase a través da sede electrónica xudicial o acceso á documentación aos expedientes xudiciais en formatos electrónicos e a descarga das vistas dos xuízos. Cómpre lembrar que o 80 % das salas de vistas galegas dispoñen do sistema de gravación con sinatura dixital eFidelius, que permite incorporar estas gravacións ao expediente xudicial electrónico. Ampliaranse tamén as funcionalidades do portal de xustiza, como porta de entrada de cidadáns e profesionais á Xustiza en Galicia.

Dotarase as oficinas de Atención á Vítima e á Cidadanía dun novo sistema de información e mellorarase o Repositorio Unificado Xudicial, no cal se actualiza diariamente a información dos distintos expedientes xudiciais, xerada en cada sede xudicial. O repositorio é a pedra angular da cal se serven as novas aplicacións e servizos dixitais (o visor, a sede, o portal de xustiza...) Está consolidado no 100 % e dispón xa de 6 millóns de documentos dixitais.

Plan Senda 2020

O investimento do contrato aprobado hoxe súmanse aos máis de 1,6 millóns de euros que se investirán durante este ano nas diferentes actuacións para consolidar a

dixitalización xudicial como a renovación de todo o equipamento informático dos profesionais da xustiza tras renovar en 2016 un total de 390 postos de traballo, entre xaneiro e xuño deste ano renováronse outros 1.100 postos e agora iníciase a renovación doutros 900 postos.

Todos os partidos xudiciais disporán de videoconferencia ao remate deste ano e reforzarase naqueles que rexistren máis uso. O sistema de gravación de vistas con sinatura dixital está dispoñible no 86 % das salas e a previsión é acadar este ano o 90 %. Tamén se estenderá a sinatura dixital a outros 13 órganos xudiciais. Actualmente máis de 650 xuíces, letrados, fiscais, forenses e funcionarios de 6 órganos xudiciais asina sentenzas e documentos en liña coa mesma validez que en papel,

A XUNTA DÁ O VISTO BO Á REDACCIÓN E EXECUCIÓN DO PROXECTO PARA A AMPLIACIÓN DA EDAR DE RIANXO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Rianxo co fin de avanzar na tramitación necesaria para o desenvolvemento do Plan de saneamento local da Ría de Arousa*
- *As actuacións previstas mellorarán as condicións ambientais da ría mediante a optimización da planta depuradora e a creación dunha nova rede de colectores e tanque de tormentas cun orzamento que ascende aos 14 millóns de euros*
- *Cómpre lembrar que, desde o 2009, o investimento en concellos situados arredor da ría de Arousa en actuacións rematadas -ou a piques de rematar- ascende a máis de 53 millóns de euros, dos cales a Xunta achegou máis de 45 millóns*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a redacción e execución do proxecto de ampliación da estación depuradora da vila coruñesa. Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio avanza coa tramitación necesaria para o desenvolvemento do Plan de saneamento local da Ría de Arousa cuxo obxectivo é incrementar a calidade das augas e mellorar as condicións ambientais destes núcleos costeiros.

Así, as actuacións previstas permitirán completar o saneamento e depuración deste concello situado na marxe dereita da ría de Arousa grazas á ampliación da súa planta de depuración e á creación dunha nova rede de colectores e un tanque de tormentas. Tras o acordo adoptado polo Consello da Xunta na súa reunión semanal, a Consellería de Medio Ambiente prevé poder licitar este mesmo ano o concurso para a execución destas obras por case 14 millóns de euros.

Trátase, polo tanto, de dúas novas actuacións que permitirán dar solución á problemática existente focalizada en dous factores: o excesivo volume de augas residuais xeradas na rede e a súa carga contaminante, especialmente por verteduras das industrias conserveiras.

Dada a situación da depuradora actual, estableceuse a necesidade de ampliar a capacidade do sistema de depuración de Rianxo como unha das prioridades na resolución dos problemas de contaminación das augas costeiras da zona.

Deste xeito, os traballos consistirán na construción, en dúas fases, de dúas liñas de tratamento independentes, cos seguintes procesos: cribaxe, desareado-desengraxado, tratamento biolóxico, desinfección por ultravioleta e liña de lodos; e cada unha deseñada para a metade do caudal esperado. Antes da repartición de caudal,

realizárase un pretratamento común a todo o caudal esperado. A planta depuradora terá unha capacidade total para máis de 23.000 habitantes-equivalentes.

A parte dos problemas detectados no sistema de depuración actual do núcleo de Rianxo, o Plan de saneamento local tamén identificou problemas de importancia na rede xeral de Rianxo. Desá análise conclúese que a capacidade do colector interceptor vese na actualidade amplamente superada polo caudal que recibe.

Para solucionar estes problemas, construírase un novo colector interceptor de case 1.400 metros de lonxitude aproximadamente, con diámetros desde 400 mm (en PVC, tramo augas arriba) ata 800 e 1.200 mm (en tubo de formigón, na súa chegada ao tanque de tormentas); así como un tanque de tormentas cun volume de retención de 700 m³. A estrutura será enterrada e, de xeito contiguo, construírase un pozo de bombeo que funcionará como impulsión cara á EDAR. O importe de licitación é de 6,3 millóns de euros.

Actuacións realizadas na Ría de Arousa

Na ría de Arousa, xunto coa do Burgo, púxose en marcha unha planificación das máis ambiciosas realizadas cunha metodoloxía moi avanzada.

No caso do Plan de saneamento local da Ría de Arousa dividiuse en 5 proxectos locais, agrupando os concellos do seguinte xeito: Ribeira e Pobra, Boiro e Rianxo, Vilagarcía e Catoira, Vilanova, Cambados e A Illa; e Meaño, O Grove e Sanxenxo. Desde o 2009, o investimento en concellos situados arredor da ría de Arousa en actuacións rematadas - ou a piques de rematar- ascende a máis de 53 millóns de euros, dos cales a Xunta achegou máis de 45 millóns.

A esta cifra habería que engadir preto de 30 millóns de euros que se destinarán de aquí a 2021 para as infraestruturas pendentes, previstas no Plan hidrolóxico.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO DA ENSEADA DA MALATA EN FERROL

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol que posibilitará a posta en marcha dos traballos cos que se completará o saneamento integral da ría*
- *Tras o remate das obras dos interceptores xerais da marxe norte executados polo Estado co cofinanciamento da Xunta e dos concellos de Ferrol e Narón e as obras de depuración realizadas polo Goberno galego, o saneamento está practicamente resolto*
- *Así, o Goberno galego segue avanzando no cumprimento dos obxectivos marcados ao inicio da lexislatura referidos a ter concluída toda a planificación do saneamento das rías no horizonte 2020*
- *O proxecto que autorizou o Consello da Xunta conta cun orzamento de 7,1 millóns de euros e dará servizo a preto de 15.000 habitantes*
- *As infraestruturas previstas compóñense de dous tanques de tormentas, unha estrutura de regulación na Malata, unha rede de 5 colectores xerais de saneamento e conexións coa rede existente e a remodelación do bombeo da Cabana*

O Consello da Xunta dá luz verde ao proxecto de execución das obras de saneamento da enseada da Malata, en Ferrol, coas que se completará o saneamento integral da ría. Os traballos realizaranse no marco dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol cuxa sinatura autorizou o Goberno galego logo da súa reunión semanal.

Esta actuación súmase ás executadas polo Estado e cofinanciadas pola Xunta de Galicia e os Concellos de Narón e Ferrol na marxe norte da ría, que permitiron a posta en funcionamento da rede de interceptores para a recollida e condución das augas residuais ata a EDAR de Cabo Prioriño, onde se depuran antes da súa vertedura ao mar.

Deste xeito, o Goberno galego segue avanzando no cumprimento dos obxectivos marcados ao inicio da lexislatura referidos a ter concluída toda a planificación do saneamento das rías no horizonte do ano 2020.

Neste senso, o proxecto que autorizou o Consello da Xunta cun orzamento de 7,1 millóns de euros facilitará a recuperación ambiental, implicará un incremento da competitividade económica e turística da zona e aumentará a calidade de vida dos veciños. Segundo as previsións do Goberno galego, as infraestruturas planificadas para a Enseada da Malata darán servizo a preto de 15.000 habitantes.

Estas novas infraestruturas compóñense de dous tanques de tormentas, un deles estará situado nas inmediacións do FIMO da Malata e contará cun volume útil de 1.500 metros cúbicos. Ademais, poderá xestionar un caudal de 42 litros por segundo e impulsará este caudal ata un pozo de descarga que conducirá por gravidade as augas residuais con destino último a Estrutura de Regulación da Malata. Pola contra, o tanque de tormentas previsto nas proximidades do CIS Galicia dispón dun volume útil de 500 metros cúbicos e poderá xestionar un caudal de 17,40 litros por segundo. O caudal impulsado chegará a un colector desde o cal se conducirán as augas residuais ata a EBAR existente. É importante sinalar que este tanque substituirá á estación de bombeo existente en avanzado estado de deterioración.

Ademais, prevese a dotación da Estrutura de Regulación da Malata, que controlará o caudal procedente da marxe leste da Enseada da Malata transportado polo colector xeral. Igualmente, o proxecto recolle a construción dunha rede de colectores xerais de saneamento e a súa conexión coa rede existente. Por último, remodelarase o bombeo existente na zona da Cabana.

Investimentos realizados na Ría de Ferrol

Unha das máximas prioridades do Goberno galego foi o saneamento das rías e nese sentido, ten realizado importantes esforzos nas rías galegas en xeral e de Ferrol, particularmente, polo que se apostou polo saneamento, tanto na marxe norte, onde se concentra a maior parte da poboación, como na marxe sur.

A primeira fase de saneamento da marxe norte rematouse en 2011, e supuxo a execución da EDAR de Cabo Prioriño, así como dos emisarios submarino e terrestre. Logo destes traballos, en 2014 comezouse a acometer a segunda fase, que se centrou nos colectores interceptores da rede xeral de Ferrol e Narón. Esta actuación, pola súa vez, dividiuse en tres tramos: A Malata-A Gándara, Gándara-Cadaval e Cadaval-Neda. Así, o saneamento da marxe norte implicou un investimento global de máis de 200 millóns de euros.

Pola súa banda, na marxe sur, a Xunta asumiu integramente a execución de infraestruturas de depuración e colectores xerais nos concellos de Ares, Fene e Mugaros. Entre outras actuacións, executouse unha nova EDAR en Punta Avarenta, así como una extensa rede de colectores xerais nestes tres concellos. Todas estas instalacións están tamén en servizo e tiveron un custo de máis de 76 millóns de euros.

A XUNTA APOIARÁ CON 600.000 EUROS AS PRÁCTICAS EN EMPRESAS DE 100 MENORES DE 30 ANOS CUALIFICADOS E SEN EXPERIENCIA LABORAL

- *Este programa está dirixido á mocidade cunha titulación universitaria, formación profesional de grao medio ou superior, ou un certificado de profesionalidade*
- *O Goberno galego financiará estas bolsas cunha axuda mínima de 538 euros para prácticas de menos de 4 horas ao día e un máximo de 753 euros para as de máis de 4 horas cando se trate dunha muller*
- *Os mozos e mozas que participen deberán estar inscritos no Sistema de garantía xuvenil a través do que xa se activaron este ano axudas por preto de 23,5 millóns*
- *A iniciativa enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que a Administración autonómica está a impulsar o traballo estable e de calidade*
- *O desemprego entre os menores de 30 anos reduciuse no último ano nun 21,22 %*

A Xunta apoiará con preto de 600.000 euros a realización de prácticas non laborais dirixidas aos mozos e mozas con cualificación (titulación universitaria, ciclo de grao medio ou superior ou certificado de profesionalidade) para facilitar o seu acceso posterior ao mercado laboral.

Esta iniciativa forma parte das diferentes actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego a través do Sistema de garantía xuvenil, a través do que xa se activaron este ano axudas por preto de 23,5 millóns de euros para beneficiar a 2000 menores de 30 anos, e a Axenda 20 para o Emprego para impulsar o traballo entre os mozos e mozas galegos.

Os participantes, que terán que estar inscritos no Sistema de garantía xuvenil e ter entre 18 e 30 anos, non deberán contar cunha relación laboral ou outro tipo de experiencia laboral superior a tres meses na mesma actividade. As prácticas, coas que se prevé beneficiar 100 mozos e mozas, terán unha duración de entre seis e nove meses.

Os beneficiarios recibirán unha bolsa de apoio por parte das empresas que financiará a Administración autonómica. A súa contía dependerá das horas diarias. Así, o Goberno galego apoiará cun mínimo de 538 euros as prácticas non laborais de menos de 4 horas ao día e cun máximo de 753 euros as de máis de 4 horas cando se trate dunha muller.

Esta actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego está a favorecer o emprego xuvenil, impulsando o traballo estable e de calidade. O

desemprego entre este colectivo reduciuse no último ano nun 21,22 %, segundo os últimos datos da EPA.

O Goberno galego, mediante o Sistema de garantía xuvenil, favorece o acceso ao mundo laboral dos mozos e mozas a través de catro eixes principais: a mellora da intermediación, da empregabilidade, incentivos á contratación e o fomento do emprendemento. Para apoiar a mocidade, a Xunta está a investir este ano 40 millóns de euros para formación, contratación e emprendemento.

Entre os últimos programas postos en marcha destaca Emprega Xuventude, unha experiencia piloto para a contratación de menores de 30 nos sectores vinculados á Industria 4.0 e ao sector agroalimentario. Trátase dun bono de 7000 euros para que as empresas destes ámbitos formen e contraten 500 mozos e mozas.

EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE ROMA PARA A DOCENCIA E PROMOCIÓN DO GALEGO

- *A Consellería destina un total de 12.000 euros a un convenio para o ensino do idioma e a cultura galega e a contratación de lectores de galego*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa "Sapienza" Università di Roma (Italia) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, e dar así continuidade a un acordo que se mantén desde 1998.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a este convenio entre a Administración educativa galega e a mencionada institución universitaria romana por un importe de 12.000 euros co fin de desenvolver unha serie de accións, incluído o lectorado de galego nesta universidade.

Ao abeiro do dito convenio, a Università di Roma comprométese a dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo e a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua e da literatura galegas no ámbito universitario e na súa área de influencia.

Así mesmo, inclúese a contratación -a través da Secretaría Xeral de Cultura- dun lector de lingua, literatura e cultura galegas, como complemento práctico ao seu programa de formación. O acordo inclúe tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e a infraestrutura necesaria para levar a cabo as accións de promoción sinaladas.

Antecedentes

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega

adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

A XUNTA COLABORA COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO E VIGO PARA VIXIAR MOSQUITOS TRANSMISORES DE ENFERMIDADES

- *Isto permitirá coñecer de xeito temperán a existencia de mosquitos aínda non presentes en Galicia e establecer medidas de control para evitar o seu establecemento na comunidade autónoma*
- *Facilitará a posta en marcha de actividades para impedir a aparición de casos de enfermidades que poden ser graves, como o dengue, o zika ou o chikungunya*
- *Facilitará coñecer a densidade de especies autóctonas, tamén transmisoras de enfermidades como a debida ao virus do Nilo Occidental, da leishmaniase ou a lingua azul, en humanos e animais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as Consellerías de Sanidade e de Medio Rural e as Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para a vixilancia de certos mosquitos transmisores de enfermidades.

Isto é necesario para coñecer de xeito temperán a posible existencia de mosquitos aínda non presentes en Galicia, como o mosquito tigre, co obxectivo de establecer medidas de control o antes posible e evitar así o seu establecemento na comunidade autónoma. Tamén posibilita coñecer as densidades de especies xa presentes, como os Culex e flebótomos, tamén transmisoras de enfermidades, tanto humanas como animais, como a da febre do virus do Nilo Occidental ou da leishmaniase.

Polo tanto, o establecemento dunha rede de vixilancia entomolóxica que permita detectar a tempo estes mosquitos facilitará a posta en marcha de actividades para impedir a aparición de casos en humanos e animais de enfermidades que son graves en moitos casos, ou producir prexuízos económicos, como poden ser o dengue, o zika ou o chikungunya, ou o a febre do virus do Nilo Occidental.

A Xunta destinará 217.800 euros en tres anos para este convenio.

Neste marco, elaboraranse protocolos para a posta de trampas, o seu mantemento, a recollida das mostras e o seu envío ás dúas universidades, tanto polo persoal propio destes centros como por parte do persoal de Medio Rural, segundo os puntos de mostraxe que teñan asignados. Tamén se formará ao persoal para o desempeño destas tarefas.

O período de mostraxe será de abril a outubro e, a posta de trampas e recollida de mostras farase con frecuencia quincenal. Posteriormente realizarase unha identificación e recuento dos diferentes exemplares, actualizaranse as bases de datos das especies

transmisoras de enfermidades identificadas e remitirase a información ás direccións xerais de Saúde Pública e de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias.

O SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA REXISTRA CIFRAS DE ATA O 95 % DE OCUPACIÓN HOTELEIRA DURANTE O VERÁN

- *Así se reflicte do informe preliminar presentado hoxe en Consello da Xunta tras a sondaxe feita por Turismo de Galicia ao sector*
- *O mercado nacional consolidou a súa recuperación e o internacional continuou gañando peso no conxunto do turismo de Galicia*
- *Durante os últimos meses, o sector apuntou a unha mellora da súa rendibilidade tras unha recuperación dos prezos*
- *O Camiño de Santiago fortalece o seu crecemento, con cifras de peregrinos de máis dun 6 % en verán e preto do 9 % no que vai de ano*

A ocupación hoteleira medrou en Galicia este verán entre un 3 % e un 5 % con respecto ao ano anterior, superando as expectativas e chegando a alcanzar, en termos globais ata un 95 % de ocupación nos meses de xullo e agosto. A media de xullo situouse no intervalo do 75 e 90 % e en agosto no 80 e 95 %.

Meses en que o mercado nacional consolidou a súa recuperación e o internacional continuou gañando peso no conxunto do turismo que chega a Galicia. Durante os meses de xullo e agosto tamén se rexistrou unha mellora da rendibilidade do sector, tras a recuperación dos prezos hoteleiros.

Así se reflicte do informe preliminar presentado hoxe en Consello da Xunta, tras a sondaxe feita desde Turismo de Galicia entre o sector para avaliar o nivel de ocupación no verán e dar así unha visión cualitativa do comportamento turístico de Galicia nestes meses do ano.

Segundo os datos achegados polo sector, na provincia da Coruña, a cidade herculina rexistrou unha ocupación media dun 82 % e un crecente peso do turismo internacional, xa que tres de cada dez turistas que pernoitaron na Coruña foron estranxeiros. En Santiago de Compostela, as cifras de ocupación situáronse entre o 85 e o 95 % e o peso do turismo estranxeiro subiu considerablemente cunha importancia porcentual que oscila entre un 30 e un 40 %. No caso de destinos como Ferrol, os establecementos consultados apuntan a unha ocupación entre un 76 e un 92 % e con prezos hoteleiros á alza, que conseguiron mellorar a rendibilidade do sector.

No que respecta á provincia de Lugo, a porcentaxe media sitúase arredor do 90 %, dato que se eleva ao 95 % na comarca da Mariña lucense. Na provincia de Pontevedra, na comarca do Salnés, no que Sanxenxo serve como referencia, acadouse neste destino unha subida de ata un 3 %, chegando a superar o 90 % de ocupación. Un destino en que tamén se rexistrou unha recuperación dos prezos das tarifas e unha maior antelación nas reservas.

En Vigo, a ocupación oscilou entre un 80 e un 95 % e na cidade de Pontevedra as cifras de ocupación movéronse no arco do 70 ao 95 %, con moi bo comportamento en agosto.

Polo que se refire á provincia de Ourense, o número de camas ocupadas aumentou nalgún casos ata un 6 % con respecto ao ano anterior, destacando o comportamento do mes de agosto. A cifra de ocupación situouse no 85 % e se percibiú un incremento da chegada de turistas estranxeiros, supoñendo ata un 30 %. Na Ribeira Sacra a ocupación do mes de xullo foi do 83 %, o que supón un aumento do 14 % respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Mellora da rendibilidade do sector

O sector apunta, ademais, a unha mellora da súa rendibilidade, na liña do acontecido nos últimos meses, nos cales a combinación da mellora dos niveis de demanda e ocupación nun contexto de crecemento de tarifas facilitou que o sector hoteleiro rexistrase preto de 42 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, superando nun 10 % o dato do ano pasado.

Polo que se refire ao Camiño de Santiago, o número de Compostelas expedidas pola Oficina do Peregrino rexistran en xullo e agosto un incremento do 6 % acadando só nestes meses a cifra superior a 100.000 peregrinos nos meses de xullo e agosto, un dato que, no acumulado do ano ata setembro ascende a unha subida de preto do 9 % máis peregrinos que o ano pasado polas mesmas datas.

Do mesmo xeito, tamén se rexistraron boas cifras en experiencias turísticas impulsadas pola Administración autonómica como os trens turísticos, cunha ocupación de preto do 85 % de ocupación media, cifra que supera en 19 puntos o dato do ano pasado, ou os minicruceiros realizados nas rías de Arousa, Pontevedra e Vigo en ferri e veleiro, computando unha cifra global de máis de 300 pasaxeiros.

Crecemento responsable

As valoracións achegadas polo sector e presentadas no Consello da Xunta demostran que se están a cumprir os obxectivos da Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folia de ruta na cales a Xunta de Galicia e o sector acompañan ao crecemento previsto ata o Xacobeo 2021.

Esta Estratexia aposta polo crecemento da demanda da man da calidade e a sustentabilidade para consolidar Galicia como un destino tranquilo, cunha oferta diversificada e especializada, que aproveita os seus mellores recursos e desestacionaliza a demanda.

Dan resposta, ademais, ao compromiso da Administración autonómica por levar a cabo un modelo de turismo responsable que, grazas ao traballo coordinado co sector, está a permitir o desenvolvemento e o mellora da rendibilidade e a competitividade do destino turístico durante todo o ano.

Demostran, ademais, que o interese dos turistas por Galicia segue medrando, algo que tamén avalan as cifras achegadas polo Instituto Nacional de Estatística dos últimos sete meses, nos cales a Comunidade galega recibiu 2,7 millóns de viaxeiros, cifra que constitúe un récord ao incrementarse un 3,2 % sobre o mesmo período do ano pasado. Tras o notable crecemento do primeiro semestre, o verán está a confirmar esta tendencia e eleva as pernoitas ata as 5,35 millóns, un 5,6 % máis.

A XUNTA IMPULSA CON 5 MILLÓNS A CONTRATACIÓN DE 500 DESEMPREGADOS EN 200 CONCELLOS DO RURAL CON MENOS DE 10.000 HABITANTES

- *Aprol Rural incentiva durante 9 meses a tempo completo a contratación de persoas sen traballo para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social co obxectivo de mellorar as súas oportunidades laborais*
- *A Administración autonómica financiará o 100 % dos custos salariais totais con contías que, segundo o grupo de cotización, poderán oscilar entre os 9.000 e 16.200 euros*
- *Terán preferencia os colectivos prioritarios en todas as políticas activas de emprego do Goberno galego, como son os menores de 30 anos, as mulleres, as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social e as persoas con toda a súa unidade familiar en paro*
- *Esta iniciativa forma parte do programa Formación e emprendemento no rural que a Consellería de Economía, Emprego e Industria activou por primeira vez este ano con 30 millóns de euros para fixar poboación no rural*

A Xunta investirá cinco millóns de euros para impulsar en 200 concellos do rural a contratación de máis de 500 persoas sen emprego a través de Aprol Rural. A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que se aproba hoxe no Consello da Xunta, está dirixida a entidades locais con menos de 10.000 habitantes co obxectivo de mellorar as oportunidades laborais do rural e dar un impulso aos traballadores das zonas menos poboadas de Galicia.

O Goberno galego apoiará con esta actuación, durante 9 meses a tempo completo, o 100 % dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social. As contías por cada traballador contratado poderán oscilar entre os 9.000 e 16.200 euros segundo o grupo de cotización de que se trate. Terán preferencia nas contratacións os colectivos prioritarios en todas as políticas activas de emprego que desenvolve o Goberno galego, como son as mulleres, os menores de 30 anos, as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social e aquelas persoas pertencentes a unha unidade familiar con todos os seus membros en paro. Os traballadores e traballadoras que se contratarán deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Na convocatoria deste ano, que se publicará no DOG nas próximas semanas, a Xunta introduce melloras con respecto a 2016, cando se puxo por primeira vez en marcha este programa. Así, increméntase de 6 a 9 meses a duración dos contratos e do 80 % ao 100 % o financiamento dos custos salariais totais.

Aprol Rural forma parte do programa Formación e emprendemento no rural que este ano activou a Consellería de Economía, Emprego e Industria con 30 millóns para fixar poboación nas zonas menos habitadas de Galicia.

Do que se trata con este programa é de incentivar a contratación nestas localidades, incrementar a oferta formativa no rural adaptada á demanda das empresas e aumentar os niveis de emprendemento e de creación de empresas con medidas xa postas en marcha como a Formación á porta, os laboratorios cooperativos ou a liña de axudas Galicia Emprende Rural.

A iniciativa que hoxe se aproba tamén se enmarca na Axenda 20 para o Emprego coa que se está a impulsar a calidade e estabilidade no mercado laboral ata 2020. A planificación do Goberno galego en materia laboral pretende a creación de polo menos 80.000 novos empregos e reducir a taxa de paro ata o 10%.

O PROGRAMA REFORMA17 FACILITARÁ A MELLORA DE BAÑOS E COCIÑAS EN 2.800 FOGARES GALEGOS

- *O Consello da Xunta avalía esta iniciativa que, cunha dotación de 2 millóns de euros, se convoca por terceiro ano consecutivo co obxectivo de mobilizar 20 millóns no sector da construción*
- *As axudas públicas oscilarán entre un mínimo de 200 e un máximo de 1.000 euros e contribuirán a que as familias conten con rebaixas de ata o 40 % no custo de produtos e mobiliario*
- *O programa estimula a demanda e o emprego entre as pequenas empresas e os autónomos do eido da construción*
- *As solicitudes de axuda serán resoltas por vía telemática tras a publicación das bases no Diario Oficial de Galicia e a apertura do prazo de presentación, que non se pechará ata o próximo 17 de novembro*

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión de hoxe as bases do Reforma 17, que se activará proximamente para facilitar, en colaboración coa Asociación de Empresarios de Materiais para a Construción (Asemaco) e as empresas adheridas, a modernización de cociñas e baños en 2.800 fogares galegos. A previsión é que esta terceira edición do programa permita mobilizar 20 millóns de euros no sector.

Cunha dotación de 2 millóns de euros, o programa Reforma 17 convocarase por terceiro ano consecutivo para que os novos beneficiarios de axudas públicas poidan obter rebaixas do 40 % nos custos de produtos e mobiliario de cociñas e baños nos fogares galegos, posto que ao 20 % que achega a Xunta a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria se suma outro desconto do 20 % que farán as empresas adheridas ao programa.

As solicitudes de axuda serán resoltas por vía telemática en cuestión de días tras a publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a apertura do prazo de presentación, que estará aberto ata o próximo 17 de novembro. As solicitudes serán presentadas nos establecementos adheridos ao programa, que na pasada edición foron 387.

Como na anterior edición, o custo mínimo dos produtos adquiridos ao abeiro do Reforma 17 será de 1.000 euros, e as axudas públicas oscilarán entre un mínimo de 200 e un máximo de 1.000 euros.

O Programa Reforma, que estimula a demanda e o emprego entre as pequenas empresas e os autónomos do sector da construción, facilitou nos dous últimos anos obras de modernización en máis de 7.000 fogares galegos, mobilizando arredor de 50 millóns de euros. Ao peche do Reforma 17 as axudas terán facilitado a renovación de

cociñas e baños en 10.000 fogares galegos, cunha mobilización estimada en 70 millóns de euros.

Co programa Reforma 17, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, propónse manter a dinamización das empresas de materiais de construción, que viron reducida a súa actividade e facturación como consecuencia da crise que afectou principalmente o sector inmobiliario.

A XUNTA MOBILIZARÁ 3,5 MILLÓNS DE EUROS EN FINANCIAMENTO SEN CUSTOS PARA AS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS AFECTADAS POLAS XEADAS E A SARABIA

- ***Mediante unha achega inicial de 500.000 euros, o Goberno galego axudará aos agricultores a superar os efectos adversos da climatoloxía***
- ***A nova liña de axudas que vén de aprobar o Consello da Xunta facilitará a concesión de préstamos con xuros bonificados tanto para financiamento de circulante como para refinanciamento de pasivos para reforzar a estrutura financeira das explotacións***
- ***Os interesados poden presentar ata o próximo 15 de novembro as súas solicitudes e así facer fronte a previsibles reducións de ingresos ou agardar o cobro das indemnizacións dos seguros***
- ***Esta liña pasa a formar parte do programa integral de financiamento Galicia 1000 co que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, prevé apoiar este ano a máis de 3.000 empresas***

A Xunta de Galicia vén de aprobar unha nova liña de axudas que mobilizará arredor de 3,5 millóns de euros para facilitar o acceso das explotacións agrarias afectadas polas xeadas e sarabias deste ano a préstamos bonificados, a custo cero, para financiamento de circulante ou refinanciamento de pasivos.

A nova liña de axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria facilitará a mobilización de financiamento bancario, con préstamos a partir de 3.000 euros sen custos financeiros, para que as explotacións agrarias afectadas polas xeadas e as sarabias poidan funcionar con normalidade, aprazando os seus pagamentos para facer fronte ás previsibles reducións de ingresos, e para agardar polo cobro, se é o caso, das indemnizacións dos seguros.

Deste xeito, as explotacións produtoras ou transformadoras de uva, pataca, castaña, cereal e outros produtos de horta ou froiteiras poderán aprazar os seus pagamentos adaptándoos aos ingresos e reforzar, ao mesmo tempo, as súas estruturas financeiras como empresas.

Cun orzamento inicial de 500.000 euros, que se poderá ampliar en caso de ser necesario, a nova liña financeira facilitará a mobilización de 3,5 millóns de euros en préstamos bonificados—a custo cero— para circulante ou refinanciamento de pasivos, co obxectivo de que as explotacións agrarias prexudicadas poidan facer fronte ás consecuencias da adversa climatoloxía.

As solicitudes poderán presentarse ata o día 15 do próximo mes de novembro e, deste xeito, os agricultores terán a posibilidade de acceder ao financiamento habilitado para

facер fronte a previsibles reducións de ingresos ou para agardar polo cobro das indemnizacións dos seguros que lles correspondan.

A liña financeira aprobada polo Consello da Xunta pasa a formar parte do programa integral de financiamento Galicia 1000 co que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, prevé apoiar este ano a máis de 3.000 empresas mediante capital risco, préstamos directos ou préstamos bonificados e avalados para facilitar os investimentos e a actividade empresarial en xeral.

CULTURA E EDUCACIÓN INVISTE CASE 28,7 MILLÓNS PARA REALIZAR 617 OBRAS EN CENTROS DE ENSINO

- *En total beneficianse as comunidades educativas de 180 concellos, máis da metade dos municipios galegos*
- *Máis do 88 % das actuacións xa están adxudicadas, o que supón empregar a case 2000 traballadores*

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre a execución das actuacións en infraestruturas educativas de cara ao curso 2017/18, do que se desprende que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria inviste case 28,7 millóns de euros en 617 obras nos centros de ensino de 180 concellos galegos, máis da metade do total de municipios. As partidas destinadas a estas obras teñen como orixe tres fondos diferentes. Por unha banda os orzamentos que a Consellería destina cada ano á partida de reforma, ampliación e mellora (RAM); por outra o cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e, finalmente, os 5 millóns de euros procedentes da contía que o Goberno Central asignou a Galicia a través da Lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social. Estes tres fondos configuran un investimento total de máis de 14,9 millóns de euros para 609 actuacións. A isto súmanse os orzamentos que o departamento educativo da Xunta de Galicia xa tiña previstos para dar continuidade a outras 8 grandes actuacións – como a construción dun novo IES en Soutomaior ou a dun novo CEIP en Culleredo- cuxa tramitación se iniciou en 2016 ata sumar un orzamento total de 28.668.095 euros.

No referido ás 609 obras programadas para a súa execución no ano 2017, correspondentes aos devanditos 14,9 millóns, máis do 88 % están adxudicadas, o que supón que nelas traballaron ou traballan 2000 traballadores de 264 empresas. O volume de compra a provedores derivado desta actividade neste trimestre estímase en máis de 3,2 millóns de euros.

O desenvolvemento deste tipo de actuacións exige unha importante mobilización de empregados públicos. Non en balde, máis de 30 técnicos e persoal de apoio xurídico destinaron máis de 15.000 horas de traballo a sacar adiante preto de 600 expedientes de contratación. Deste xeito é posible que a día de hoxe o grao de cumprimento de adxudicación nas obras que se programaron con máis antelación, as do fondo RAM, sexa do 96 %, e mesmo do 81 % nas derivadas do orzamento procedente da Lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social, cuxo investimento non se puido programar antes do mes de xuño.

Intervencións por provincias

No referido á repartición provincial das 617 actuacións, vai acorde á poboación escolar de cada unha delas. Deste xeito, A Coruña é a provincia en que máis obras se desenvolven, 251, seguida de Pontevedra (179), Lugo (97) e Ourense (90).

No tocante a concellos beneficiados repítese a tendencia: 64 municipios coruñeses, 44 pontevedreses, 38 ourensáns e 34 lucenses.

Tipoloxía das actuacións

No informe sinálanse como grandes actuacións 8 obras, concretamente a construción do novo CEIP de Culleredo e do novo IES de Soutomaior, o novo pavillón do CEIP Felipe de Castro (Noia), e as ampliacións do CEIP As Mercedes (Lugo), da EOI de Ourense, do IES Francisco Asorey (Cambados), do IES Laxeiro (Lalín) e do IES de Teis (Vigo).

No caso das 609 actuacións restantes, por tipoloxía a meirande parte delas, un total de 163, foron de acondicionamento xeral dos centros de ensino, cun orzamento de case 2,2 millóns de euros; seguido das intervencións sobre as cubertas, necesarias polas incidencias que adoita causar a climatoloxía galega, que supuxeron un esforzo económico de 1,6 millóns de euros en 113 obras diferentes. Con todo, as obras que máis orzamento levaron foron as actuacións a prol da mellora da eficiencia enerxética en desenvolvemento, que contaron cunha partida superior aos 3,6 millóns de euros.

Por orde de número de actuacións, despois das realizadas en cubertas, as obras máis frecuentes son as relativas a instalacións de fontanaría e calefacción, instalación eléctrica, peches e patios, mellora da accesibilidade dos centros (construción de ramplas, instalación de ascensores, etc), mellora das instalacións deportivas, reformas de fachadas, renovación de fiestras e carpintarías metálicas, obras en comedores escolares, mellora de baños e ampliación de centros a través da construción de novas aulas.

Compromiso coa renovación

O importante esforzo económico realizado para desenvolver estas obras é froito do compromiso da Xunta de Galicia co confort e benestar da comunidade educativa galega, renovando progresivamente as instalacións educativas existentes. Ao mesmo tempo, estase a dar resposta ás necesidades de incremento de prazas de escolarización nos municipios con máis demanda a través de obras de ampliación e mesmo da construción de novos centros.

Por outra banda, a introdución de novas ensinanzas, como os ciclos renovados de FP – que teñen 2000 horas lectivas- ou a FP Básica, derivaron nos últimos anos na execución de numerosas obras de ampliación de aulas e talleres en IES e CIFP de toda Galicia.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS NA MELLORA DOS RECURSOS DA REDE GALEGA DE CENTROS DE PROTECCIÓN DE MENORES

- ***A iniciativa enmárcase no programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e dela poderán beneficiarse un total de 58 centros que ofertan 791 prazas***
- ***No marco desta convocatoria serán subvencionables obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas así como a adquisición de novo equipamento***

A Xunta de Galicia convocará nos próximos días unha nova liña de axudas dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para mellorar os recursos da rede galega de centros de protección de menores. Así se recolle no informe que hoxe coñeceu o Consello da Xunta a iniciativa da Consellería de Política Social, departamento do Goberno autonómico que destinará 625.000 euros para tal fin.

Esta iniciativa, enmarcada no programa operativo Feder Galicia 2014-2020, ten como obxectivo mellorar a calidade da atención recibida para aqueles menores que a través do acollemento residencial se atopan baixo a protección da Xunta de Galicia. Deste xeito, serán subvencionables as obras menores e a compra do equipamento preciso na consideración de que a calidade das infraestruturas e do mobiliario e recursos educativos utilizados son un factor básico de impulso da calidade da atención prestada.

O Goberno galego ten previsto conceder, baixo o réxime de concorrencia competitiva, achegas para a realización de obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de protección de menores, así como obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios. Tamén a adquisición e mellora do equipamento preciso para o desenvolvemento da actividade, incluída a compra de mobiliario interior e exterior, de material didáctico e de xogo e de vehículos de transporte, dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías no centro (ordenador, encerado dixital, gravadoras, cámaras de vídeo ou similares). A achega permitirá financiar ata o 100 % do investimento subvencionable e unha contía máxima por cada centro de 15.000 euros para as actuacións destinadas á realización de obras menores e de 10.000 euros para as destinadas á compra de equipamento e mais á integración das novas tecnoloxías na aula. En ningún caso serán subvencionables os gastos derivados de actuacións de mantemento xeral das infraestruturas nin a substitución de materiais deteriorados polo uso. Tampouco se considerará subvencionable o material consumible ou non inventariable, entendendo por tal aquel cuxa duración estimada sexa inferior a un ano. Así mesmo, non poderán optar a estas achegas aquelas entidades que recibisen axudas financiadas con fondos estruturais e de investimento europeos (EIE) 2007-2013 para o mesmo concepto de gasto.

A Xunta de Galicia asume a tutela daqueles menores que se atopan en situación de desamparo e o exercicio da garda nos supostos determinados pola leis de atención e protección da infancia. O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección, consistente no aloxamento e atención dun menor nun centro, na súa modalidade residencial, co obxecto de que este reciba a atención, a educación e a formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non lle poida proporcionar a súa propia familia. Na actualidade, Galicia conta con 58 centros que se poderían beneficiar desta liña de axudas e que pola súa vez, dispoñen de 791 prazas, distribuídas do seguinte xeito: 484 de acollemento residencial e 307 en réxime de atención de día.